

### Anuncio

Transcríbese o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria de 04 de decembro de 2020 xunto coa ordenanza aprobada definitivamente:

**“4.- RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS. APROBACIÓN DEFINITIVA NO SEU CASO DA ORDENANZA FISCAL.**

*Por Secretaría, de orde da Presidencia, deuse conta ao Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza reguladora da taxa do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.*

*Considerando que a citada ordenanza foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 07 de agosto de 2020.*

*Considerando que durante a exposición pública do citado acordo da ordenanza e do resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncios insertos no BOP e no Taboleiro de anuncios deste Concello en data 14 de agosto se presentaron as seguintes reclamacións:*

- A subscripta pola Asociación de veciños e veciñas de Santa Comba da Órrea.
- A subscripta pola Sociedade de Fomento Forestal “Monte de Candedo”.
- A subscripta por D. Elier Ojea Ureña en representación da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Maderas de Galicia (FEARMAGA).
- A subscripta por D. Daniel Díaz Ramos en representación da Asociación Provincial de Empresarios de Primera Transformación de la Madera de Lugo.

*As reclamacións citadas constan no oportuno expediente.*

*Considerando que se emiten informes polo Servizo de asistencia xurídica, económica e técnica dos concellos da Deputación Provincial de Lugo unidos ao expediente respectivo e favorables á desestimación das reclamacións presentadas.*

*Considerando que se emite informe pola Secretaría municipal, sobre o seu informe económico-financiero, unido tamén ao expediente respectivo e favorable á desestimación das reclamacións presentadas.*

*A corporación, tras deliberacións, acorda co voto dos seis concelleiros do grupo municipal do PP:*

- 1.- Desestimar as reclamacións presentadas.
- 2.- Aprobar definitivamente o texto da ordenanza sen introducir na mesma modificación ou corrección algunha, publicando o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios.
- 3.- Notificar este acordo cos recursos procedentes aos reclamantes.
- 4.- Remitir copia desta ordenanza á administración do Estado e á Xunta de Galicia.

*Os dous concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE, abstéñense, e o concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Luís Fernández Fernández, vota en contra da aprobación desta ordenanza.*

*O texto da ordenanza figura unido ao expediente respectivo.”*

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS E POLAS CANTEIRAS**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO**

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co previsto no artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e nos artigos 9, 11 e 15 a 27 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo; establece a taxa por aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras, que se rexerá por medio de ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado Real Decreto Legislativo 2/2004.

O obxecto será establecer o réxime xurídico de todas aquelas accións encamiñadas a previr, minimizar, corrixir ou, no seu caso, impedir os efectos que a utilización dos camiños de titularidade municipal, con motivo das

operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte das cortas de madeira nos montes do municipio.

#### **ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

#### **ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, solicitantes das correspondentes e preceptivas autorizacións para a concesión do aproveitamento especial do do dominio público local, con motivo das operacións de depósito, arrastre e transporte de madeira provinte da explotación forestal, así como o depósito e transporte dos produtos extraídos da explotación de canteiras.

#### **ARTIGO 4. RESPONSABLES**

A empresa madeireira/mineira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo do depósito e saca, depósito e transporte da madeira, ou transporte de áridos e pizarra, debendo reparar o dano causado.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira/mineira, interveña nas operacións de depósito e saca de madeira/ áridos ou pizarra por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

Con relación á responsabilidade solidaria e subsidiaria da débeda tributaria, estarase ao establecido nos artigos 42 e 43, respectivamente, da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **ARTIGO 5. COTA TRIBUTARIA**

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1. 0,6 euros por tonelada de madeira en cada solicitude de licenza.

2. Para as canteiras(cuota anual) :

-3,6 euros metro lineal de aglomerado

-2,10 euros metro lineal de asfaltado

-1,20 euros metro lineal de zahorra

O Concello, a través do Servizo oportuno, ten a facultade de inspeccionar e comprobar todo o relacionado co aproveitamento especial dos camiños de titularidade municipal dos que se fai cargo nesta Ordenanza.

#### **ARTIGO 6. EXENCIÓNS**

Quedan exentos do pago desta taxa:

- Os vehículos de Institucións e Entes Públicos no exercicio da súa función, tales como policía, bombeiros, gardas, etc...

- En circunstancias especiais, poderanse considerar outras situacións distintas ás citadas no parágrafo anterior, como poden ser: obras públicas, actividades de interese público ou xeral, promovidas polas Administracións Públicas ou polos seus entes instrumentais, casos de emerxencia, accidentes ou catástrofes, etc...

- Vehículos ou máquinas utilizadas para as seguintes actividades:

- Podas en plantacións forestais
- Rozas e limpeza de fincas
- Clareo de rebrotes de cepas de menos de tres anos
- Cortas puntuais de exemplares de árbores ornamentais
- Cortas para usos domésticos.
- Actividades agrícolas e gandeiras

#### **ARTIGO 7. DEVENO**

A taxa devengarase segundo a natureza do seu feito imponible, cando se conceda a licenza por parte da administración local.

## ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN

Os suxeitos pasivos que se beneficien polo aproveitamento especial regulado nesta taxa virán obrigados a abonar as cotas correspondentes conforme o seguinte procedemento:

8.1.- Os transportistas e contratistas que precisen a utilización de camiños de titularidade municipal deberán solicitar a oportuna licenza municipal e acompañar a documentación sinalada no artigo 5 da ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

8.2.- Sen prexuízo do cumprimento do establecido na lexislación urbanística, de Medio Ambiente Forestal, do Código de circulación, e demais lexislación, normas e/ou ordenanzas que poidan ser de aplicación, o posuidor dunha licenza para a actividade descrita, virá obrigado á reparación inmediata dos deterioros producidos nos viais, ou nas interestructuras anexas, así como a retirada total dos restos procedentes das operacións de carga e almacenamento.

8.3.- Unha vez recibida a solicitude e con carácter previo á utilización dos camiños, os servizos técnicos municipais procederán a realizar un informe sobre o estado das vías a utilizar, soamente no caso de que o solicitante declare que as pistas municipais están en mal estado.

8.4.- A utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, non impedirá a utilización adecuada e sen dificultades destes polos restantes usuarios do mesmo, estando obrigados os responsables das operacións de saca de madeira a reparar os danos causados por estas operacións para o seu adecuado uso polos restantes usuarios.

8.5.- Terminada a utilización camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga, o concesionario da licenza, comunicará ao Concello a finalización dos traballos. Por parte dos Servizos Técnicos Municipais emitirase informe sobre os danos que, no seu caso, producíronse nos camiños afectados polas operacións de saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga. O dito informe técnico emitirase soamente no caso de que se producisen danos nos camiños públicos, e que foran apreciados por operarios municipais aos que se lles encomende tal función.

Á vista do informe técnico, poñeranse en coñecemento do titular da licenza as reparacións que, no seu caso, deberán efectuarse no prazo máximo de 1 mes. Transcorrido o citado prazo sen que efectuasen as reparacións requiridas, o Concello procederá á súa execución subsidiaria á conta do obrigado, repercutindo contra este o importe da reparación dos danos causados.

8.6.- O aproveitamento especial de camiños de titularidade municipal, para a saca e transporte de madeiras e outros materiais de natureza análoga dentro do Concello de Riotorto, sen a preceptiva licenza municipal será obxecto dun expediente sancionador.

8.7.- A validez da licenza quedará condicionada ao pago da taxa.

## ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como ás sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como as súas disposicións de desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 11 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e concretamente, polo establecido na Ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais e polas canteiras.

Á súa vez, poderán esixirse por procedemento administrativo de prema as débedas por este servizo, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e a normativa de recadación que sexa de aplicación.

## ARTIGO 10. LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente Ordenanza estarase ao disposto no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e demais disposicións complementarias actualmente en vigor ou que se diten en adiante.

## DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o 04 de decembro de 2020, entrará en vigor no momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e será de aplicación a partir de dita publicación, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa.

Anuncio publicado en: Núm. 292 - luns, 21 de decembro de 2020